

Amigas e amigos,
Autoridades das institucións culturais políticas e sociais,

Querida Pilar Pallarés,

Facemos nacer da terra fértil a pedra para así crear o lugar do poema, para que soñe e se faga substancia, ánima da pedra.

Chantamos a pedra para que o sen tempo chame polo poema, chame e fale en emocionado diálogo cos libros da biblioteca como corazón colectivo no que cabe o latexar das personaxes que os Escritores e Escritoras crearon e que nela moran para estas se recoñeceren nos versos do poema de Pilar Pallarés e crearen outros poemas, outro tempo. Eles darannos a capacidade de nomear o tempo que aínda non existe.

A pedra da poeta que vén buscar achego perto dos lectores e lectoras, que tamén darán acougo a estes versos insculpidos na pedra. A insculpida pedra que o canteiro Domingos tallou con sabia e cálida mao.

Chantámola nun lugar de tránsito entre a cidade e a memoria de cidade verde onde as veciñas e veciños creando hortas salváronse das ás veces frías xeometrías urbanas.

Este xardín futuro da poesía, este anaco da natureza que na soia humilde centralidade é un cosmos onde o confluír en irmandade da biblioteca pública, do centro escolar, coas hortas dos mariñeiros, coas casas mariñeiras, fainos lembrar que está cidade ten unha antiquísima alma mariñeira. As hortas aínda teñen memoria da humildade do eido fértil onde reborda a vida, teñen unha alma na que habita a natureza como eco non moi lonxincuo dunha alma anterior á cidade, que era o eido a ser traballado polo home e a muller para o seu sustento.

Como nos versos da nosa poeta homenaxeada, furtamos hoxe sílabas súas ao silencio para as traer a aquí e sexan elas bolboretas de luz, para que sexan hoxe presente, e tamén o lonxincuo da memoria colectiva que se chanta na terra fértil. Chantamos a pedra da escritora, facémola pedra fita, nosa, que chanta a raíz do poema, que enuncia e canta neste lugar que dende hoxe é xardín da poesía, onde o carballo entregará as súas sombras e se fará tempo vedraio, tempo antigo, amada caracocha onde naza o canto rumoroso do chover e diga delicadas sílabas do verso en namoro, a rula.

Aquí cantará de mañanciña clara a luz que vén do mar, e acariñará a pedra que pide tempo para ser memoria, eco antigo, para facer tremer de beleza o poema.

A árbore da poeta, o carballo, será sólida columna e sosteirá o centro: un dos cinco puntos cardinais que nos di o pensamento do lonxincuo oriente, neste doce día de xuño, nun verao acabado de nacer que foi preguizoso en nos dar a súa mornura.

Chantamos a árbore na súa raíz, o carballo, o símbolo desta terra que é folla acharoadada no chover e cae na terra para se facer fértil humus.

El daranos a sombra na súa rotación estacional pola que seguiremos o paso do tempo que tamén é arbore, daranos na mao o tempo circular, a luz a tecer a súa infinita espiral.

Será acougo no verao co seu reloxo de sombra, para que a luz aconteza. A palabra que agarda polos soños.

Agardamos que este lugar sexa Ágora de comunicación poética e siga a dar fe da alma das cousas, dos sons da chuvia. Lugar onde reborda a luz para nos desvendar o misterioso que habita a realidade no idioma que é a memoria, que somos o Nós que contén o eu e os estremecementos desta clara luz de xuño.

*Cesáreo Sánchez Iglesias
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Xardíns do Centro Ágora
A Coruña, a 29 de xuño de 2019*